

## **Encontro co público - Programación expandida Masa Madre + Sal Marina - Sala Agustín Magán - CC Santa Marta - Santiago de Compostela**

Foi unha experiencia ben simpática. O sábado pasado asistín a un encontro singular cos espectadores de Funboa Escénica, esa compañía cunha certa traxectoria xa nos escenarios, que dirixe Cristina Balboa e que nos últimos meses se demerxeu xunto co actor mexicano Manuel Parra en Proxecto Pank para levar a escena *Masa Madre + Sal Marina*.

A obra estrenouse o pasado xaneiro na Sala Ensalle de Vigo e o que fixeron este sábado pasado en Compostela foi a crónica, verdadeiramente dramatizada, unha obra por si, de como Balboa e Parra chegaron ao bordo do abismo durante o proceso de construción da súa proposta. Era unha explosión de sinceridade por parte deles mesmos, xa que ademais do desenvolvemento dramático, Balboa e Parra tamén se fundiron os dous nunha experiencia emocional, sentimental, mútua, arrebatada, de coñecemento,... que acentuaba as tensións creativas. Debeu de ser toda unha experiencia para os dous.

Cristina Balboa non oculta ningún dos atrancos e mesmo chega a dar fe da súa renuncia a ser actriz, do seu profundo desexo de ser cantante que lle contaxia ao propio Parra, que sempre o convence que vaia cambiando as súas perspectivas. Esta revelación marcou de maneira decisiva a montaxe, que pasou a ser unha obra eminentemente musical e deixou de ser a aventura postdramática ca que comenzara, nas súas propias palabras.

A idea do fracaso é xa unha constante nesta actriz, que no 2013 estrenou *Sigue Buscando, cando o fracaso triunfe teremos éxito*, onde aparecía o ton confesional que recuperaron este sábado ela e máis Parra para explicar e reflexionar sobre o seu esmagante fracaso. O pase incluía gravacións dalgunhas escenas tal e como se estrenaron en Ensalle ademais de anacos da montaxe desbotada que durante bastante tempo ensaiaron.

A verdade é que a súa comparecencia ante os espectadores non deixa de ser impactante, porque o fracaso de por si xa o é, impactante, e moi poucas veces é exhibido ou o exhibimos.

Polo que se intúe, en Funboa funciona de maneira especial o proceso textual. Hai un fragmento dos patos tinguidos de cores, deses que se vendían nas feiras, simplemente xenial, e recoñecen que a a factura dos textos lle resulta máis fácil porque os dous, tanto Balboa como Parra, son dramaturgos.

E tamén atrapa a personalidade inquietante e rebelde de Cristina e o candor de Parra, pero ó mesmo tempo, tamén é certo, que se nota unha falta de dirección que aproveite o evidente potencial destes dous actores que cando se bican en escena verdadeiramente se bican e se bican, como se estiveses compartindo con eles unha pequenísima tenda de campaña de camping. Porque todo o que fan é real, realmente real, fielmente postdramático.

Comentario semanal de artes escénicas de Antón Lopo  
Diario Cultural, Radio Galega  
15/03/2018